

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE BRIÓN DO TREITO INICIAL DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-300, COMPRENDIDO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 0+770, INCLUÍDO TODO O DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Pablo Lago Sanmartín, na súa condición de alcalde do Concello de Brión, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Brión solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a transferencia de titularidade do treito da estrada AC-300, comprendido entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+800. Así mesmo deu a súa conformidade a incluír na transferencia solicitada o nó viario da AC-543 (rotonda e ramais) situado no p.q. 9+700.

O treito da estrada AC-300 carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG), polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 83/2025, do 22 de setembro, (DOG núm.192 do luns 6 de outubro de 2025), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Brión do treito inicial da estrada autonómica AC-300 (p.q. 0+000 ao 0+770), xunto co seu dominio público



viario, e do nó viario da AC-543 (p.q. 9+700 ao 9+770), que serve de conexión entre a AC-300 (p.q. 0+000) e a AC-451 (p.q. 0+000).

De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 83/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Brión do treito inicial da estrada autonómica AC-300 (p.q. 0+000 ao 0+770), xunto co seu dominio público viario, e do nó viario da AC-543 (p.q. 9+700 ao 9+770), que serve de conexión entre a AC-300 (p.q. 0+000) e a AC-451 (p.q. 0+000):

Nº	Transferencia	PQ _i	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	PQ _f	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29)	Lonx. (m)	Área DPV (m²) (aproximada)
1	Treito inicial da AC-300: Os Ánxeles (AC-451) - Soigrex (AC-304)	0+000	X= 526.332 y= 4.744.607	0+770	x= 526.696 y= 4.743.957	767	5.797
2	Nó viario AC-543 (rotonda e ramais)	9+700	X= 526.351 y= 4.744.621	9+770	x= 526.287 y= 4.744.621	73	1.127


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017), o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


O alcalde do Concello de Brión, Pablo Lago Sanmartín


ANEXO I . PLANOS





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: m10Qvoa0qjp1 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: m10Qvoa0qjp1 Verificación: https://sede.xunta.gal/ove

